

Poemas de Gondal

Emily Brontë

Tradución de María Seijo-Richart



ATG
asociación de
tradutores
galegos

Poemas de Gondal de Emily Brontë

A.G.A., raiña de Gondal

Unha caixa de soldadiños de chumbo inspirou os xogos infantís de Emily Brontë e os seus irmáns. Os nenos crearon dous mundos imaxinarios de reinos rivais e batallas épicas. Gondal é o mundo de Emily (e da súa irmá pequena Anne). Os outros irmáns cansaron do xogo ó facerse adultos, mais Emily continuou escribindo poemas de Gondal toda a súa vida.

Segundo o imaxinario Emily Brontë, Gondal é unha illa no Pacífico, malia que o clima e costumes son sospeitosamente semellantes ós de Yorkshire. Os reinos máis poderosos son Alcona, Exina e Angora. Gondal está gobernado pola cruel e ambiciosa raiña A.G.A. (Augusta Geraldine Almeda), que só é quen de amar a Julius Brenzaida.

Algúns autores tentaron poñer en orde os poemas para reconstruí-la saga (por exemplo, Fannie Ratchford en *Gondal Queen*, 1955). Autores máis recentes (coma Janet Gezari) pensan que os poemas son historias alternativas, que exploran diferentes posibilidades e finais.

Seguindo esta teoría, eu penso que o mundo de Gondal é un devanceiro da fanfiction moderna. Esta é a miña historia alternativa dos poemas de Gondal.

1. Will the day be bright or cloudy?

Nacemento de Augusta Geraldine Almeda (A.G.A.), princesa de Alcona e futura raiña de Gondal. A meiga vaticina un futuro treboento.

¿Será o día claro ou nubrado?

Docemente o amencer comezou

Mais o ceo pode axitarse con tronos

Denantes de poñerse o Sol.

Vixiade señora a viaxe de Apolo

O rumbo da vosa primoxénita será así

Se as raiolas durante os calores do verán

Quecen a terra placidamente

Seus días correrán coma un fermoso soño en doce serenidade

Se escurece se unha sombra

Extingue a raiola e chama por choiva

Quizais flores abran e gromos abrochen

Tanto gromos coma flores vaidosos son

Seus días correrán coma un conto fúnebre con coitas e bágoas e dor

Se o vento é fresco e libre

Os vastos ceos claros azuis sen anubrar

As fragas e campos e douradas flores

Escintilan ó sol e ó orballar

Seus días correrán na luz da Gloria a través do ermo deserto do mundo

2. The inspiring music's thrilling sound

Ó chegar á adolescencia, A.G.A. é enviada a estudar no Pazo de Instrución, situado á beira do mar bravo, xunto á gándara salvaxe. Durante a fastosa festa de benvida, a rapaza séntese morriñosa e foxe.

O apaixonante son da música inspiradora

A Gloria do día do festexo

O lustroso esplendor que crece arredor

Coma tódalas ledicias da terra xa morreron

Desbotados pola fermosa dama

Escorrega ausente entre todos eles

Cubriendo a fronte para agocha-la bágoa

Que malia conterse treme por caer

Ela bole polo corredor máis afastado

E escaleiras enriba por entre galerías sombrías

Que bisban á chamada das brisas

O solitario himno de vésperas do vento nocturno

3. O Hinder me by no delay

O rapaz Julius Brenzaida, príncipe de Angora, vai de camiño ó Pazo de Instrución. Nunha encrucillada, bate con A.G.A., que insiste en que quede con ela. El tenta convencela de que o deixe marchar.

Ou, non enredes para facerme demorar

O meu cabalo vai canso do camiño

E aínda seu peito debe dete-la marea

Da que as ondas escuman ó longo da costa

Por leguas eu escoito o seu atronador bruar

Axiña que rachan na orela

Un corcel máis forte que o meu pode temer

Desafialas no seu leito fervente

Así falou o viaxeiro mais en van

A estraña non marchaba

Seguiulle aferrada ás rendas da brida

E seguiulle a rogar que quedara

4. There are two trees in a lonely field

A.G.A. e Julius, xuntos de a cabalo na gándara, albiscan dúas árbores coas pólas cruzadas.

¿Agárdalles un futuro feliz?

Hai dúas árbores nun campo baldío

Bisban para me enfeitizar

As escuras pólas xeran un pensamento sombrío

Solememente a se abanear

5. Come, the wind may never again

Ese paseo pola gándara é o primeiro de moitos... mais ó ano seguinte estala a Guerra en Gondal. A casa de Alcona e a casa de Angora únense a bandos distintos. A.G.A. despídese de Julius.

Ven, quizais nunca máis o vento

Sobre como agora sopra por nós

E quizais nunca máis as estrelas brillen como agora brillan.

Moito antes que volte outubro

Mares de sangue nos terán dividido

E ti debes esnaquiza-lo amor no teu corazón

E eu, o amor no meu!

Porque cara a cara os nosos clans se enfrontarán

E coma eles deberemos tamén nós

Esquecendo como a mesma doce terra creounos e criounos a todos

Un debe loitar polo poder do pobo

Outra polos dereitos dos reis

E cada un preparado para da-la súa vida para argalla-la caída do outro.

O dilema da guerra non podemos eludir

Nin fuxiriamos da causa dos nosos pais

Nin temeríamos máis a morte porque a man que a da pode ser dalguén querido

Debemos soportar que governe a Ambición

Sobre o amor, coas súas leis de ferro;

Debemos espaxe-lo sangue por mor dun estraño e non permitirnos unha soa bágoa

Daquela, quizais nunca máis o vento

Sobre como agora sopra por nós

E quizais nunca máis as estrelas brillen como agora brillan

O outubro vindeiro, o ruxido do canón

Desde bandos rivais pode que nos urxa

A min a atacar polo sangue que te da vida e a ti a atacar polo meu

6. If grief for grief can touch thee

A Guerra remata coa derrota do bando de Angora. Julius e a súa familia son condenados ó desterro. Mentres o barco del se afasta, A.G.A. observa desde un acantilado. Julius non mira atrás, mais A.G.A. sabe que é consciente da súa presenza.

Se mágoa por mágoa te conmove

Se a resposta á dor é dor

Se a congoxa dalguén te abranda

¡Volta ó meu carón!

Non podo estar máis soa

Máis murcha non podo estar.

Meu canso corazón latexa salvaxe.

Por ti vaise crebar.

E cando o mundo me desbote

Cando o Ceo rexeite os meus rogos

¿Non me confortará meu anxo?

¿Meu ídolo non oirá?

Si, polas bágoas que deitei

Por tódalas miñas horas de dor

Ou, eu sei que te hei gañar

Outra vez, meu amor.

7. There was a time when my cheek burned

Pasan os anos. A.G.A. faise adulta e convértese en raíña de Alcona. A paz entre os reinos é fráxil, así que se ve obrigada a establecer unha alianza con Gerald, señor de Exina, a quen detesta. Soa na sala do trono, pensa que todo o que a rodea é falso.

Houbo un tempo no que miña meixela ardía

Se loiaba a eses desdeñosos viláns

A natureza indómita rexeitaba coma tola

A lei que xurou non desafiar

Ou, nos días da ardente xuventude

Tería dado a miña vida pola verdade

Por verdade, por dereito, por liberdade

Gustosa e libremente tería morto

E agora calma oio e vexo

O fatuo sorrindo o parvo mofándose

Mais non porque meu corazón é manso

Mais non por medo mais non por vergoña

Miña alma alporízase aínda con cada ton

De egoístas e cegaratos erros

Meu peito inda desafía ó mundo só

Blindado coma sempre estivo ó terror

Só eu sei porén como me opoño

O mesmo mundo ha seguir rodando

8. Geraldine, the moon is shining

Gerald Exina chega acompañado do seu séquito e varios soldados mercenarios. A.G.A. non pode conte-la súa ledicia ó recoñecer nun deles a Julius. El envíalle unha mensaxe para que se vexan na gándara.

Geraldine, a lúa brilla

Con tan lene, relucente lueiro

¿Seica o serán que declina

Deu lugar a un día máis fermoso?

Mentres o vento só bisba

Lonxe, carrexados sobre a auga

Vaiamos, sós neste silencio

Sentar baixo o vello espiño

Salvaxe o camiño, agreste e avesío

Erma toda a gándara que o arrodea

Basto o herbeiro que nos da descanso

Pedra de musgo de breixo a terra

Mais cando as treboadas invernais se atopaban

Na bóveda da medianoite sen lúa

¿Decatabámonos que a tempestade martelaba

E ouveaba arredor do fogar das nosas almas?

Non, esa árbore con pólas partidas

Branquexando no remuíño da neve

Mentres batía contra o ceo

Acochaba embaixo corazóns ledos

E no tímido retorno do outono

¿Esquecerán nosos pés o camiño?

E na prateada mañá de Cintia

¿Geraldine, vaste demorar?

9. The wide cathedral aisles are lone

A.G.A. convence a Julius para que revele a súa identidade a Gerald. Os dous propóñenlle ó señor de Exina invadir Angora e recupera-los dereitos dinásticos de Julius, a cambio dunha alianza entre os tres reinos veciños. A proposta é tentadora... ¿mais debería Gerald fiarse deles?

Os amplos andadeiros da catedral están baleiros

As inmensas multitudes esvaeceron todas

Non pode haber nada embaixo desa bóveda

Mais que os fríos ocupantes da tumba

Ou, mira outra vez porque aínda no alto

As lámpadas arden gloriosas

E mira outra vez porque aínda embaixo

Mil milleiros viven e respiran

Mudos coma a morte todos ollan o ara

Que loce lustroso tan divino

Onde os monarcas de Gondal se axeonllan

Despois da queda e calada pregaría

Fan á vista do ceo a súa respectuosa promesa

E unha unión sen fin xuran

O rei Julius alza o seu ollo impío

Do escuro mármore ó ceo

Condena co xuramento a súa alma perxura

E a súa meixela non muda ó mesmo tempo

Malia que ardentes pensamentos que rexeitan control

Acenden un curto e amargo sorriso

Mentres cara a cara os seus achegados fican

A súa falsa man aferrada á man de Gerald

10. Oh, thy bright eyes must answer now

Despois de converterse en rei de Angora, Julius acusa falsamente a Gerald de traizón e déixao morrer na cadea. A.G.A. e Julius casan e teñen unha filla, Alexandria. Malia o que os seus inimigos pensan, o seu amor é verdadeiro. A.G.A. non pode cre-lo feliz que é.

Ou, os teus ollos brillantes deben contestar agora,

Cando a razón, cun xesto insolente

Búrlase da miña rendición

Ou, a túa doce lingua debe pregar por min

E dime, por que te escollín!

A estrita razón emitirá un xuízo

Con adobíos de tódolos xeitos de morriña

¿Quedarás, meu valedor, calado?

Non, anxo radiante, fala e di,

Por que deixei o mundo atrás.

Por que perseverarei para evitar

As sendas comúns que outros percorren

E nun camiño estraño xa viaxado,

Desidiosa, por igual da riqueza e do poder –

Dos loureiros da gloria e a flor do pracer.

Estes, unha vez, de feito, semellaban Seres Divinos;

E quizais, oíron estes votos meus,
E viron as miñas ofrendas no seu ara,
Mais, os agasallos desleixados son poucas veces prezados
E os *meus* eran con motivo desbotados.

Daquela, co corazón disposto xurei;
Nunca máis busca-lo seu ara de pedra
E da-lo meu espírito para adorar
Só a ti, sempre presente, ser intanxible
Meu escravo, meu compañeiro, meu rei

Un escravo, porque aínda eu te goberno
Dobrégote ó meu desexo cambiante
E fago a túa influencia boa ou ruín.
Un compañeiro, porque día e noite
Ti e-lo meu íntimo pracer.

Miña dor querida que fere e caltre
E espreme unha beizón das nosas bágoas
Enfeblecéndome ás coitas terreas

E aínda, un rei, malia que a Prudencia ben

Ensinou á túa súbdita a se rebelar.

¿Seica fago mal en adorar, onde

A Fe non pode dubidar, nin a esperanza murchar

Xa que a miña alma pode concede-lo meu rogo?

Fala, Deus das visións, prega por min,

E dime, por que te escollín!

11. King Julius left the South country

A.G.A. e Julius prepáranse para invadir Gondal, ó mando de cadanseu exército. A casa de Exina conxura en segredo para acadar vinganza.

O rei Julius marchou das terras do sur

Seus estandartes afoutos ó vento

Seus seareiros foron con xúbilo

Mais han voltar con pesar

Alto soou o himno triunfal

Os tambores redobraban moi alto

Mais quizais oíches lene na distancia

Como unha campá tocaba a morto

A espada tan lucente por loitas gañadas

A tremer está con invisible ferruxe

O serán chega antes do mediodía

O sol que apenas saíu xa se pon

Namentres príncipes conteñen o alento

E as nacións veciñas o temen

Xunto o seu costado a Morte nunha daga

Coa punta desenvaiñada se mofa

A morte o levou con pulso afitado

Porque a morte ten corazón de pedra

E no cenite da súa fama

O poder e a vida o deixaron

12. This shall be your lullaby

O exército de A.G.A. conta as baixas trala derrota, cando chegan as novas da morte de Julius.

Decide fuxir coa súa filla Alexandria e o que queda dos seus seareiros.

Este será o teu arrollo

Teu berce o treboento mar

Malia que ruxa con tronos salvaxes

Dorme ben dorme miña mouro meniña

Cando o noso barco abaneándose cruzaba

O Lago Elerno que brután empurraba

Entón por vez primeira sorriu miña cativa

Dorme calma dorme miña espelida meniña

As ondas rachan sobre o teu berce

Hai bágoas escumosas na túa meixela

Mais o propio Océano se aplaca

Cando leva á miña durminte meniña

13. The organ swells the trumpets sound

A.G.A. reagrupa o seu exército e invade Alcona. O combate é sanguento, pero recupera o seu trono. Se só o seu home estivese con ela...

O órgano atrona, a trompeta soa

As lámpadas en triunfo brillan

E ningún destes milleiros acó reunidos

Coida quen dorme embaixo

Eses ollos altivos que deberían encherse de bágoas

Fitan claros e despexados

Eses peitos fechados que a dor debería estarrecer

De todo pensamento de dor están ceibes

Os seus vasalos e soldados eiquí

Bendírono cando estaba no cume

Mais ningún pode darlle un salouco

Para deixar no seu sartego

Compañeiros de armas procurei facer

Un simulacro de sentirme leda

Mentres vosos pés pisaban os escuros

Recunchos da súa cela.

14. I die but when the grave shall press

Tristeira, A.G.A. vai ó outeiro no que mataron a Julius. O seu home aparéceselle para dicir adeus.

Morro mais cando a tumba oprima

O corazón que tanto tempo quixeches

Cando as coitas da terra xa non amolen

E as ledicias da terra non sexan nada para min

Non chores, mais pensa que crucei

Antes que ti por un mar de morriña

Ancorei seguro e por fin descansei

Onde as bágoas e o loito non poden vir

Debería ser eu quen chora por deixarte eiquí

Nese océano escuro singrando tristeira

Con treboadas arredor e medos enfronte

E sen luz agarimosa que sinale a costa

Malia o longa ou curta que poida se-la vida

Non é nada para a eternidade

Separámonos embaixo para atoparnos enriba

Onde os tempos ledos nunca morren.